

## PROGRAMACIÓN DOCENTE DE ORGANOLOXÍA

CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE A CORUÑA 2022-2023

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLOS DECRETOS 163/2015 E 171/2015)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
ORGANOLOXÍA ( 2º cuatrimestre)										
ESPECIALIDADE:	TODAS				ITINERARIOS:	TODOS				
CARÁCTER:	Formación Básica / OBRIGATORIA				TIPO DE CLASE:	COLECTIVA				
DEPARTAMENTO:	MUSICOLOXÍA				XEFE DE DPTO.:	Sergio Añón Lijó				
CURSOS	1º curso	2º curso		3º curso	4º curso	COORDINADOR/A DA DISCIPLINA:				
CUATRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	2
ECTS/CUAD.				3					Observacións:	
DOCENTES:	NOME E APELIDOS				EMAIL/TEL/WEB		TITORÍA			
	Pablo Ruibal Armesto				<a href="mailto:pbloruibal@gmail.com">pbloruibal@gmail.com</a>		Xoves, 21,00h COVID 19 On line (previa cita)			

2. DESCRITOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR	Fundamentos de acústica dos instrumentos. Estudo dos instrumentos musicais, a partir dos diferentes enfoques históricos, tanto antropolóxicos como técnicos ou científicos. Coñecemento das clasificacións dos instrumentos máis importantes, atendendo aos Criterios dos/as principais tratadistas.
COÑECEMENTOS PREVIOS	Un adecuado nivel de coñecementos sobre determinados aspectos de Historia da Música e de Teoría musical
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS	A trama que conforman os contidos das disciplinas de formación básica constitúen a base imprescindible que permite acadar unha comprensión completa do feito musical tanto no ámbito interpretativo, como no compositivo e no pedagóxico. No caso concreto da Historia da Música, existe unha complementariedade obvia coas disciplinas de Historia dos Instrumentos, Organoloxía e Música e Culturas.
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T2, T4, T8,
COMPETENCIAS XERAIS:	X9, X10, , X12, X14, X20n X26
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EC6, ED7, E14, EM3, EP11
Ver a lista e descrición de competencias nos Decretos 163/2015 e 171/2016	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Valorar o instrumento musical e o patrimonio instrumental a través do seu coñecemento	X9 ,X14, X20,X26
Promover unha reflexión crítica sobre o coñecemento histórico do instrumento, as súas potencialidades e os seus límites a través de diferentes medios como a iconografía e os principais tratados teórico-prácticos que nos informan sobre os instrumentos en cada época.	T1,T2, ,T4, ,T8 X9,X10,X12,X14, X20, X26
Entender os fundamentos acústicos do son e as súas propiedades en relación coa práctica instrumental.	T1,T2, ,T4, ,T8, X9,X10,X12,X14,X16,X20,X26
Coñecer a morfoloxía e as principais cualidades das principais familias instrumentais en Occidente así como principios que posibilitan a obtención do son nos distintos instrumentos musicais e os factores que interveñen nas calidades tímbricas que os caracterizan.	T1,T2, T4,T8, ,X9,X10,X12,X14, ,20, X26
Diferenciar as principais clasificacións instrumentais e comprender a utilidade das mesmas	T1,T2, T4, T8, X9,X10,X12,X14, X ,20,X26

4. CONTIDOS*		
TEMAS	Descritor Subtemas	Sesións
<b>Tema 1. A ORGANOLOXÍA, OS INSTRUMENTOS MUSICAIS.</b>	1. Definición de organoloxía. 2. Campos de estudo da organoloxía. 3. O instrumento como obxecto material e como obxecto funcional. 4. Fontes para o estudo: iconografía, tratados, literatura, arqueoloxía.	1
<b>Tema 2. CLASIFICACIÓN DOS INSTRUMENTOS</b>	1 Sistemas occidentais 1.1 Clasificación de Victor Mahillon. 1.2 Clasificación de Curt Sachs e Hornbostel. 1.3 Outros. 2 Sistema chino e indios de clasificación instrumental.	1
<b>Tema 3. COMPORTAMENTO ACÚSTICO DOS INSTRUMENTOS MUSICAIS</b>	1. Parámetros de son: intensidade, altura e timbre. 2. Escalas dos harmónicos. 3. Producción de son en instrumentos musicais.	2
<b>Tema 4. DESCRICIÓN FORMAL, SONORA E EVOLUTIVA DOS INSTRUMENTOS OCCIDENTAIS MÁIS REPRESENTATIVOS</b>	1.Instrumentos de tecla. 2.Os instrumentos de corda pulsada. 3.Os instrumentos de corda fretada. 4.Vento madeira. 5.Vento metal.	5

	6.Instrumentos de percusión. 7.Electrófonos 8.Outros: Instrumentos de lingüeta libre, mecánicos.	
<b>Tema 5. A ICONOGRAFÍA MUSICAL</b>	1. A imaxe e información. 2. Cuestións básicas da iconografía musical, problemas de lectura iconográfica 3. Estudo particular do Pórtico da Gloria, en Santiago de Compostela.	1
<b>Tema 6 HISTORIA DOS INSTRUMENTOS E AS AGRUPACIÓNS NA MÚSICA OCCIDENTAL</b>	1.Antigüidade Grecia e Roma. 2.Os instrumentos Na Idade Media. Fontes. Instrumentos principais. 3. Renacemento. Características xerais. Fontes. Agrupacións instrumentais. 4.Barroco. Evolución dos instrumentos. Agrupacións instrumentais . 5.Clasicismo. O fortepiano. Novos instrumentos. Agrupacións instrumentais 6.Século XIX Cambios técnicos. Novos instrumentos. Agrupacións e cambios na orquestra 7.Século XX. Electrofonos. Percusión. Agrupacións. Novos sonidos	2
<b>Actividades complementarias e de repaso</b>		2
<b>Total Sesións</b>		<b>16</b>
* O temario axustarase en última instancia aos contidos expostos no seu caso polo docente		

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍA			
TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
Exposición de contidos polo docente	24	0	24
Estudio individual	0	36	36
Preparación e realización de traballos sobre os contidos	2	10	12
Exposición traballos extraordinarios	3	12	15
Actividades de avaliación – Probas e revisións	3	0	3
<b>TOTAL HORAS:</b>	<b>32</b>	<b>58</b>	<b>90</b>

- En caso de imposibilidade de realizar docencia de xeito presencial, motivada polo peche do centro a causa da pandemia de COVID-19, as sesións articularanse mediante sesións online a través da plataforma de videoconferencia AULA CESGA, Zoom ou Skype nos horarios correspondentes. No caso de alumnos aos que lles resulte imposible acudir ás clases presenciais polo mesmo motivo, se habilitarán medios para recibir a docencia en remoto sempre que se conte con medios técnicos por parte do centro.

6. AVALIACIÓN			
FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
<b>6.1. CONVOCATORIA ORDINARIA</b>			
6.1.1 AVALIACIÓN ORDINARIA (CON AVALIACIÓN CONTINUA)			
<p>Probas obxectivas: Probas escritas, baseadas en contidos conceptuais expostos na clase polo docente ou polos alumnos</p>	<p>-Asimilación dos contidos. - Demostrar a capacidade de relacionar conceptos e ideas por escrito con soltura e madurez expresiva. -Uso correcto dos conceptos e terminoloxía estudados na aula. -Coñecemento das características sonoras do repertorio estudado. -Capacidade de concreción e síntese -Capacidade para relacionar ideas e conceptos. -Capacidade para relacionar contido de forma diacrónica e sincrónica. -Claridade e orde na exposición das ideas. -Aplicación práctica dos conceptos estudados na aula. -Corrección gramatical e ortográfica. -Adecuación do rexistro lingüístico.</p> <p>* O valor máximo das preguntas sinalarase nos exercicios. A valoración do docente de cada pregunta será proporcional á cantidade e calidade de exposición de contidos do alumno e á adecuación da expresión aos obxectivos propostos . Por tanto a valoración pode variar dende o 0 ata o valor máximo da pregunta.</p> <p>** Non se admitirán párrafos de exame que presenten a mesma redacción que a dos temas entregados na aula: de ser ese o caso a pregunta invalidarase automaticamente</p> <p>*** non se admitirá a ningún alumno despois dos primeiros dez minutos tras o comenzo so exame</p>	X10, X12,X14, ,X26	80%
<p><i>Seguimento diario</i> Avaliación mediante observación directa. - Realización de traballos de búsqueda de información relacionados co temario e exposición dos mesmos na aula. -Observación da actitude de alumno na clase</p>	<p>-Realización dos exercicios prácticos propostos nas datas previstas. -Aplicación práctica dos conceptos estudados na aula - Capacidade de relacionar conceptos e ideas -Participación activa nas clases -Capacidade de síntese dos aspectos tratados na aula mediante comentario de textos ou preguntas directas - Emprego adecuado das ferramentas informáticas adecuadas as actividades propostas - Referencia adecuada as fontes utilizadas</p>	T1,T2, ,T4,T8, X12,X14, ,X26	20%

- Para poder optar á ponderación, a nota final das probas escritas non deberá ser inferior a 4,5 .
- A simple asistencia non conleva a avaliación positiva. Se o traballo do alumno durante o cuadrimestre non resultase nunha nota positiva, a influencia final na nota de exame pode ser nula ou negativa
- A non realización das tarefas obrigatorias no prazo previsto terá como consecuencia unha cualificación de cero na parte correspondente da avaliación continua
- Os alumnos que superen as 4 faltas de asistencia permitidas perderán o dereito á avaliación continua (ver avaliación alternativa).
- Incorrer en plaxio (non facer a adecuada referencia ás fontes empregadas) nalgunha actividade ou o emprego de calquera fonte ou ferramenta non permitida nunha proba implica a inmediata cualificación de cero na actividade .
- Poderanse conceder matrículas de honra ao 5% do alumnado coas mellores cualificacións, sempre que acaden como mínimo un 9.

**COVID-19**

\* En caso de imposibilidade de realizar probas de xeito presencial, motivada polo peche do centro a causa da pandemia de COVID-19, a avaliación ordinaria rexerese polas seguintes probas:

-Entrega de varias actividades de tipo ensaio ou cuestionario con formato, criterios de edición e contidos propostos polo profesor a partir dos contidos da programación. O número de traballos dependerá de en que momento do cuadrimestre se produza a supresión da presencialidade, calculando unha proporción aproximada dun traballo por cada trinta días de curso restante. Esta actividade poderá complementarse con sesións de control individual a través de videoconferencia. Dito control consistirá en preguntas breves sobre o temario. Estas sesións se realizarán ao final do cuadrimestre. Dita proba farase por medio dunha plataforma de videoconferencia como aula CESGA (ou a convir con cada alumno de non ter compatibilidade con esa plataforma dixital). En calquera caso so se producirán para controlar o que non fora avaliado con anterioridade.

O cálculo da nota final da parte telemática sairá da media aritmética da puntuación obtida nos ensaios e cuestionarios (50%) e as sesións de control (50%). Hai que ter en conta que este tipo de avaliación complementará sempre as notas obtidas na avaliación presencial

O documento explicativo coas directrices a desenvolver para cada un destes traballos o prazo de entrega e o medio de avaliación será elaborado e enviado aos alumnos no momento en que se dean as circunstancias que motiven a suspensión da docencia presencial.

**ADIANTO DE CONVOCATORIA..** Nese caso considerarase a realización dun exame escrito igual ao exposto no apartado anterior e podendo aplicar as notas da avaliación do curso anterior en caso de alumnos con avaliación continua. De non ser así os alumnos farán un exame similar o utilizado para a avaliación alternativa

**6.1.3. AVALIACIÓN ALTERNATIVA**

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
<p><b>Probas obxectivas:</b> Probas escritas, baseadas nos contidos conceptuais do temario exposto arriba</p> <p>-Desenvolvemento de cuestións longas con exemplos e explicacións que amosen a asimilación dos textos presentados</p> <p>-Resolución cuestións puntuais directas en preguntas curtas.</p> <p>- Desenvolvemento de respostas a partires de imaxe ou vídeo</p>	<p>-Asimilación dos contidos.</p> <p>- Demostrar a capacidade de relacionar conceptos e ideas por escrito con soltura e madurez expresiva.</p> <p>-Uso correcto dos conceptos e terminoloxía estudados na aula.</p> <p>-Coñecemento das características sonoras do repertorio estudado.</p> <p>-Capacidade de concreción e síntese</p> <p>-Capacidade para relacionar ideas e conceptos.</p> <p>-Capacidade para relacionar contido de forma diacrónica e sincrónica.</p> <p>-Claridade e orde na exposición das ideas.</p> <p>-Aplicación práctica dos conceptos estudados na aula.</p> <p>-Corrección gramatical e ortográfica.</p> <p>-Adecuación do rexistro lingüístico.</p> <p>* O valor máximo das preguntas sinalarase nos exercicios A valoración</p>	<p>X10X12,X14,X15, ,X24, X26</p>	<p>100% * Mínimo de 5 no exame</p>

	<p>do docente de cada pregunta será proporcional á cantidade e calidade de exposición de contidos do alumno e á adecuación da expresión aos obxectivos propostos . Por tanto a valoración pode variar dende o 0 ata o valor máximo da pregunta.</p> <p><b>** Non se admitirán párrafos de exame que presenten a mesma redacción que a dos temas entregados na aula: de ser ese o caso a pregunta invalidarase automaticamente</b></p> <p><b>*** non se admitirá a ningún alumno despois dos primeiros dez minutos tras o comenzo so exame</b></p>		
<p><b>OBSERVACIÓNS</b></p> <p>-Os alumnos que superen as catro faltas de asistencia á clase) terán que presentarse a un exame final cun formato diferente ao anterior no que non cabe eliminación da materia. Neste caso por tanto a materia a avaliar será toda a que aparece na programación incluídas lecturas feitas ou recomendadas e os listados de audicións.</p> <p>-Estes alumnos realizarán un exame final nas datas propostas polo centro . A nota final será a do exame; posto que non se dispón de outras calificacións é imprescindible ter unha nota mínima de 5</p> <p><b>** COVID-19</b></p> <p>En caso de imposibilidade de realizar a proba alternativa de xeito presencial, motivada polo peche do centro a causa da pandemia de COVID-19, realizarase un exame oral INDIVIDUAL aos alumnos de avaliación alternativa. Dita proba farase por medio dunha plataforma de videoconferencia como aula CESGA (ou a convir con cada alumno de non ter compatibilidade con esa plataforma dixital), e terá unha duración de entre 45 minutos e unha hora. Asemade se reserva a posibilidade de encargar os ensaios, traballos, etc. que o docente estime oportuno para complementar a nota que poderá ser ponderada ata en un 10% respecto da nota do exame que é neste caso o groso da nota final.</p>			
<p><b>6.1.3. ADIANTO DE CONVOCATORIA</b></p>			
<p>Os alumnos aos que lles reste so esta materia para rematar o plan de estudos poderán solicitar á xefatura de estudos un adianto da convocatoria ordinaria a finais de novembro, o que implica a súa avaliación segundo o procedemento de avaliación alternativa arriba exposto. A data do exame será fixado e comunicado ao alumno unha vez aprobada a súa solicitude.</p>			
<p><b>6.2. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA</b></p>			
<p>Os alumnos que non superen a convocatoria ordinaria contan cunha convocatoria extraordinaria que o centro fixará dentro da segunda semana do calendario de exames (última semana de xuño). A súa avaliación seguirá o procedemento de avaliación alternativa arriba exposto.</p> <p><b>***COVID-19</b></p> <p>En caso de imposibilidade de realizar a proba extraordinaria de xeito presencial, motivada polo peche do centro a causa da pandemia de COVID-19, realizarase un exame oral INDIVIDUAL aos alumnos (sexan de av continua ou alternativa). Dita proba farase por medio dunha plataforma de videoconferencia como aula CESGA (ou a convir con cada alumno de non ter compatibilidade con esa plataforma dixital), e terá unha duración de entre 45 minutos e unha hora. Asemade se reserva a posibilidade de encargar os ensaios, traballos, etc, que o docente estime oportuno para complementar a nota que poderá ser ponderada ata en un 20% respecto da nota do exame que é neste caso o groso da nota final.</p>			

7. ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS	
DESCRICIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
<p>Deberanse cumprir as disposicións vixentes no marco do establecido no Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.</p> <p>Asimesmo terase en conta a ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.</p>	<p>Aqueles que estableza a Consellería competente en materia de Educación.</p>

8. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E DOCUMENTOS
<p><b>1 Referencias básicas.</b></p> <p>Donington, Robert: <i>La música y sus instrumentos</i>. Madrid: Alianza Editorial, 1986.</p> <p>Henrique, Luis L.: <i>Acústica musical</i>. Lisboa: Ed. Fundação Gulbenkian, 2002.</p> <p>Juan I Nebot, M. Antonia: "Versión castellana de la clasificación de instrumentos musicales según Erich von Hornbostel y Curt Sachs". <i>Nassarre</i>, 14/1 (1998), pp. 365-387.</p> <p>Massman, Herbert e Rodrigo Ferrer: <i>Instrumentos musicales: Artesanía y ciencia</i>. Santiago de Chile: Editorial Dolmen 1993.</p> <p>Olazábal, T. y Arias, R.: <i>Acústica musical y organología</i>. Manuales musicales Ricordi. Buenos Aires: Ricordi Americana, 1984.</p> <p>Praetorius, Michael: <i>Syntagma Musicum</i>. Oxford: Clarendon Press, 1986.</p> <p>Remnant, Mary: <i>Instrumentos musicales</i>. Barcelona: Ed. Ma Non Troppo, 2002.</p> <p>Sachs, Curt: <i>Historia universal de los instrumentos musicales</i>. Buenos Aires: Centurión, 1940.</p> <p>Sadie, Stanley, e John Tyrrell, eds. <i>The New Grove Dictionary of Music and Musicians</i>, 2ª ed., 29 vols. Oxford: Oxford University Press 2001.</p> <p>Tranchefort, François R.: <i>Los instrumentos musicales en el mundo</i>. Madrid: Alianza Música, 1985.</p>
<p><b>2 Referencias complementarias.</b></p> <p>Andrés, Ramón: <i>Diccionario de los Instrumentos Musicales</i>. Desde la Antigüedad a J.S.Bach. Barcelona: Ed. Península, 2001.</p> <p>Baines, Anthony: <i>Historia de los instrumentos musicales</i>. Madrid: Taurus, 1988.</p> <p>Calvo Manzano, Antonio: <i>Acústica físico-musical</i>. Madrid: Real Musical, 2002.</p> <p>Diderot, Denis e Jean Ronde D'álember: <i>L'Encyclopedie</i>(instrumentos musicales). Paris: Inter-Livres, 1994.</p> <p>Maersch, Klaus, Ulrich Rohde e Otto Seiffer: <i>Atlas de los instrumentos musicales</i>. Madrid: Alianza Atlas, 2001.</p> <p>Michels, Ulrich: <i>Atlas de Música</i>. Madrid: Alianza, 1994.</p> <p>Montagu, Jeremy: <i>The World of Medieval &amp; Renaissance Musical Instruments</i>. Nova Iorque: Ed Overlook Press, 1976.</p> <p>Montagu, Jeremy: <i>The World of Baroque &amp; Classical Musical Instruments</i>. Nova Iorque: Ed Overlook Press, 1976..</p> <p>Montagu, Jeremy: <i>The World of &amp; Modern Musical Instruments</i>. Nova Iorque: Ed Overlook Press, 1976.</p> <p>Pierce, John R.: <i>Los sonidos de la música</i>. Barcelona: Ed. Prensa Científica, 1985.</p> <p>Ríos Alvaro, Koldo: <i>Lista de instrumentos de música occidentales, anotada desde un punto de vista iconográfico, de Terence Ford, traducida y adaptada al español</i>. Madrid: AEDOM, 2000.</p> <p>Schaeffer, Pierre: <i>Tratado de los objetos musicales</i>. Madrid: Alianza, 1988.</p> <p>Villanueva, Carlos: <i>El pórtico de la Gloria: música, arte, pensamiento</i>. (Cuadernos de música en Compostela, 2). Santiago</p>

de Compostela: Universidad de Santiago, 1988.

#### **SELECCIÓN DE PÁXINAS WEB**

<https://ridim.org> Répertoire International d'Iconographie Musicale (RidIM).

[https://www.gc.cuny.edu/Page-Elements/Academics-Research-Centers-Initiatives/Centers-and-Institutes/Barry-S-Brook-Center-for-Music-Research-and-Documentation/Research-Center-for-Music-Iconography-\(RCMI\)](https://www.gc.cuny.edu/Page-Elements/Academics-Research-Centers-Initiatives/Centers-and-Institutes/Barry-S-Brook-Center-for-Music-Research-and-Documentation/Research-Center-for-Music-Iconography-(RCMI)) Research centre for musical iconography.

<http://auladehistoriadelamusica.blogspot.com/> Blog do profesor onde se proporcionarán recursos para os alumnos

<http://www.grovemusic.com> . Enciclopedia on line ( con suscripción).

<http://www.jstor.org/music>

[http://www.music.princeton.edu/chant\\_html/musicology.html](http://www.music.princeton.edu/chant_html/musicology.html) Plataforma con enlaces a outras páxinas web

#### **OUTROS RECURSOS DIDÁCTICOS**

Na plataforma Aula Cesga facilítanse diferentes materiais, exercicios e modelos para as actividades, así coma diversos enlaces que os alumnos precisan coñecer e empregar. De interese resultan tamén as seguintes webs:

[www.abrsm.org/musicinwords](http://www.abrsm.org/musicinwords)

[http://www.chicagomanualofstyle.org/tools\\_citationguide.html](http://www.chicagomanualofstyle.org/tools_citationguide.html)

#### **RECURSOS MATERIAIS NA AULA**

-Ordenador con conexión a internet, canón de vídeo e encerado electrónico para a proxección dos contidos audiovisuais.

-Fondos bibliográficos básicos para a consulta na aula: dicionarios e manuais de referencia.

### **8. OBSERVACIÓNS**

Aconséllase ao alumno :

-A asistencia e implicación nas clases

-A pronta obtención de recursos en papel ou en audiovisual que o docente proporcionará para dispoñer do material necesario no estudo persoal .

-A preparación regular dos contidos.

-A realización de esquemas e resúmenes coas súas propias conclusións.

- A asistencia as titorías sinaladas de acordo co docente para resolver dúbidas, planificar o estudo ou para calquera outra cuestión relacionada coa materia.

-A realización dos exercicios propostos polo docente.